



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito mercantil I

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Dereito mercantil I | | | |
| Código | V03G720V01421 | | | |
| Titulación | PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 9 | OB | 4 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán Galego | | | |
| Departamento | Dereito privado | | | |
| Coordinador/a | Costas Comesaña, Julio | | | |
| Profesorado | Costas Comesaña, Julio Tato Plaza, Anxo | | | |
| Correo-e | jcostas@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A finalidade desta materia é coñecer o estatuto xurídico do empresario, as normas que regulan a a súa actuación no mercado, o réxime xurídico das sociedades mercantís e a normativa reguladora do concurso de acreedores. | | | |

Competencias

Código

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia Resultados de Formación e Aprendizaxe

Contidos

| Tema | |
|---|--|
| (*)Concepto e fontes do Dereito Mercantil | Concepto de Dereito Mercantil. Tendencias actuais Fontes |
| (*)Estatuto xurídico do empresario | O empresario e os seus colaboradores. O rexistro mercantil. A contabilidade do empresario. Elementos materiais da organización empresarial. |
| (*)Regulación da competencia | Introducción xeral. Dereito de defensa da competencia. Dereito da competencia desleal. |
| (*)Propiedade industrial | Introducción xeral. Signos distintivos. Invencións. |
| (*)Dereito de sociedades. | Cuestións xerais. As sociedades personalistas. As sociedades de capital. |
| (*)Dereito concursal. | Introducción. Presupostos. Administración concursal. Masa activa e pasiva. Terminación do procedemento. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral | 53 | 135 | 188 |
| Seminario | 0 | 12 | 12 |
| Prácticas de laboratorio | 23.5 | 0 | 23.5 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 2 | 100 | 102 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 1.5 | 0 | 1.5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|--------------------------|---|
| Lección maxistral | Exposición teórica dos conceptos fundamentais da materia. |
| Seminario | Presentación polo alumnado dun tema previamente asignado polo docente |
| Prácticas de laboratorio | Resolución de casos prácticos e test relacionados coa materia |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Prácticas de laboratorio | Nas tutorías resolveranse as dúbidas que se poidan plantexar polos alumnos, tanto nas sesións maxistras como nas sesións de prácticas de laboratorio. |
| Lección maxistral | Nas tutorías resolveranse as dúbidas que se poidan plantexar polos alumnos, tanto nas sesións maxistras como nas sesións de prácticas de laboratorio. |
| Probos | Descrición |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Nas tutorías resolveranse as dúbidas que se poidan plantexar polos alumnos, tanto nas sesións maxistras como nas sesións de prácticas de laboratorio. |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|---------------|---------------------------------------|
| Seminario | Se plantexará a elaboración de dous traballos en grupo que terán que ser expostos e debatidos oralmente na aula. Estas dúas actividades de seminario terán como puntuación máxima 2 puntos. | 20 | |
| Prácticas de laboratorio | Se plantexará un exame de preguntas obxectivas (proba tipo test), sobre as materias explicadas nos casos e sobre a lectura recomendada. O examen terá unha valoración máxima de 1 punto. | 10 | |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Se plantexará un examen final con preguntas de resposta breve sobre a materia explicada | 70 | |

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para aprobar a asignatura se esixe un mínimo de 3,5 puntos sobre 7 na proba teórica. A su vez, será necesario obter un mínimo de 1.75 (sobre 3.5) nas preguntas correspondentes a parte de "Empresario individual, Dereito da competencia e da propiedade industrial e Dereito concursal" e un mínimo de 1.75 (sobre 3.5) nas preguntas correspondentes a parte de "Dereito de sociedades".

As notas da avaliación continua gárdanse ata a convocatoria de xullo do curso académico seguinte -incluso nunha eventual participación na convocatoria de fin de carreira- Os alumnos que -por circunstancias excepcionais- non realicen a avaliación continua, farán o mesmo examen teórico que o resto de alumnos (con unha calificación máxima do 70%) e, ademais, realizarán un exame con casos prácticos relativos as materias explicadas durante o curso (con unha calificación máxima do 30%). Do mesmo modo será avaliado o alumnado que participe nunha convocatoria de fin de carreira que non corresponda ao curso inmediatamente seguinte no que teña cursado esta materia.

Para acollerse ao sistema de avaliación continua o alumno/para deberá asistir regularmente a clase (teórica e práctica). Para estes efectos, realizaranse controis aleatorios de asistencia e considerarase que un alumno/a incumpriu este requisito se acumula máis de dúas faltas de asistencia sen xustifica.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Sánchez Calero, Fernando y Sánchez Calero, Juan, **Principios de Derecho mercantil**, Última Edición, Aranzadi, García-Cruces, J.A., **Derecho de Sociedades Mercantiles**, Última Edición, Tirant Lo blanch,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Dereito mercantil II/V08G081V01702

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as actividades docentes (leccións maxistras, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos[]) manteranse mediante a utilización combinada de FaiTic e Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican

Non se modificarán as metodoloxías.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de FaiTic (foros, corrección comentada de tarefas[]) e do Campus Remoto (titorías persoais e en grupo).

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.

O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado pola profesora e utilizado nas aulas.

* Outras modificacións

Non se realizarán outras modificacións.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia.

* Información adicional

Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de FaiTic.

Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en FaiTic.

A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en FaiTic. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móbil.
